OS ALONSO, ARTISTAS EN FERROL E BUENOS AIRES

A Pedro Puerto, ousado descubridor de Internet,
que arrequece os meus arquivos con preciosas imaxes.
Siro

INTRODUCIÓN

Tres son os membros da familia Alonso que, con distinta fortuna pero con igual paixón, adicaron a súa vida ás belas artes: Gerardo Alonso, que viviu sempre en Ferrol; o seu curmán Juan Carlos Alonso, ferrolán tamén, pero que viviu desde rapaz na Arxentina; e Raúl, fillo deste último, que naceu e viviu en Buenos Aires. No número 6 de *Ferrol Análisis* tratei da vida bohemia que Juan Carlos Alonso e Federico Ribas compartiron en plena mocidade, cando ambos formaban parte da redacción da prestixiosa revista bonaerense *Caras y Caretas*; hoxe quero tratar da importancia do seu labor como humorista gráfico, caricaturista e pintor, e do recoñecemento internacional que como pintor e debuxante acadou o seu fillo. Tenciono, ademais, recordar a figura de Gerardo Alonso, artista sen a menor dúbida, e artista único na disciplina que practicou; e espero acertar na interpretación da súa obra e da súa peripecia persoal.

GERARDO ALONSO, ESCULTOR EN COBRE

Coñecín a Gerardo Alonso desde sempre porque vivía coa muller e cos fillos en Esteiro, na rúa Fernando VI, a cen metros da nosa casa. Recórdoos moi ben a todos, bos veciños, boa xente. A Gerardo Alonso estouno vendo: de estatura media tirando a baixo, miúdo e moi mirado da súa presenza, vestía traxe escuro e ía perfectamente peiteado con raia a un lado e unha ondiña pequena. Camiñaba amodo, sen presa; dando «caladas» longas ao cigarro que nunca lle faltaba na man. Na cara destacaban os ollos guiñados, como se lle molestase a luz, e a boca crispada. Nunca o vin rir. A verdade é que Alonso —como era coñecido no barrio e en todo Ferrol— tiña sona de «raro», de home áspero; dicíase que estaba resentido contra a cidade que non lle recoñecía o mérito artístico que lle cumpría polo seu traballo de escultor e creador dunha obra orixinal, realizada en chapa de cobre. Cando moitos anos despois o tratei, puiden comprobar que aquela imaxe era atinada: Alonso era home de trato difícil, pero coido que non erro se digo que a causa do seu carácter acedo non estaba na vaidade ferida, senón na impotencia por sentirse creador dunha obra artística que merecía ser recoñecida e valorada internacionalmente e que a penas tivo proxección fóra de Ferrol.

El queixábase da cidade, de que ninguén é profeta na súa terra, pero